



Deputación
Pontevedra

Plan de prevención de riscos laborais

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gran Vía de Montero Ríos–Pontevedra



1.	POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	3
2.	ÁMBITO DE APLICACIÓN	4
3.	ESTRUTURA ORGANIZATIVA.....	5
4.	PERÍODO DE APLICACIÓN	5
5.	ESTRUTURA DO PLAN	6
6.	ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN.....	7
6.1.	SERVIZO DE PREVENCIÓN.....	7
6.2.	COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE	7
7.	ORZAMENTO E RECURSOS.....	8
8.	AVALIACIÓN DE RISCOS.....	8
	Avaliación de riscos en equipos e lugares de traballo.....	8
	Avaliación de riscos nos postos de traballo	9
	Avaliacións específicas de riscos.....	9
	Avaliacións periódicas	9
9.	IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS.....	10
	Acondicionamiento de instalacións e lugares de traballo.....	10
	Acondicionamiento dos equipos de traballo.....	11
10.	NORMAS E PROCEDEMENTOS DE SEGURIDADE	11
11.	MEDIDAS DE EMERXENCIA	12
12.	VIXILANCIA DA SAÚDE DOS TRABALLADORES	12
13.	UTILIZACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN	14
14.	COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES NOS CENTROS DE TRABALLO	14
15.	FORMACIÓN E INFORMACIÓN	15
16.	ACCIDENTALIDADE	16
17.	PROGRAMA DE ACCIÓNS E SEGUIMENTO DO PLAN	16
18.	DOCUMENTACIÓN	17



1. POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A Deputación de Pontevedra ratifica a seguinte política de actuación en prevención de riscos laborais, que se aplicará a todos os seus empregados e instalacións:

A vida, a integridade física e a saúde dos traballadores son dereitos cunha protección que ten que ser unha constante no quefacer cotián para os que traballamos na Deputación de Pontevedra, e especialmente no dos que, nun ou outro nivel e nun ou outro posto de traballo, exercen funcións de mando.

*Debido a que consideramos que **as personas constitúen o activo máis importante** da nosa institución, é obxectivo desta Presidencia establecer unha política preventiva cara a un modelo de prevención científica, integral, integrada e participativa.*

*Baseándonos no principio de que **todos os accidentes, incidentes e enfermidades laborais poden y deben evitarse**, a Deputación comprométese a acadar un alto nivel de seguridade e saúde no traballo. Non se limitará soamente a cumprir coa lexislación vixente nesa materia, senon a levar a cabo accións que eleven o grao de protección dos traballadores marcado pola lei, se fose necesario.*

Este compromiso exprésase de forma manifiesta e será un dos obxectivos esenciais marcados na política xeral da Deputación.

*A liña de mando asumirá e potenciará a integración da seguridade no proceso de produción, establecendo como principio básico que **a mellor produtividade se consegue coa maior seguridade**, pois non se debe esquecer que a conservación dos recursos materiais e humanos constitúe un elemento fundamental para diminuír os custos.*

*Co fin de promover unha conduta segura nas actividades desenvolvidas, achegaráselles ós traballadores toda a **información** sobre os riscos inherentes ó seu traballo, así como a **formación** necesaria sobre os medios e medidas que se van adoptar para a súa correcta prevención.*

*Da mesma maneira, promoverase a **participación** dos traballadores nas cuestións relacionadas coa prevención de riscos no traballo, por ser os que coñecen con maior profundidade os pormenores das tarefas que realizan e, polo tanto, os máis indicados para achegar ideas sobre a maneira máis segura de levalas a cabo.*

Para acadar estes obxectivos asignaranse os recursos necesarios e planificarase de maneira adecuada a súa utilización.

Pontevedra, 18 de novembro de 2010

O presidente



2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito de aplicación deste plan circunscríbese á actividade desenvolvida polos traballadores da **Deputación de Pontevedra**, tanto nos seus centros de traballo coma fóra deles.

CENTROS DE TRABAJO

<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>DIRECCIÓN</i>	<i>POBOACIÓN</i>
PAZO	Gran Vía de Montero Ríos	Pontevedra
EDIFICIO ANEXO Ó PAZO	Gran Vía de Montero Ríos	Pontevedra
CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE	Avda. de Montecelo, núm. 12, C.P. 36161	Pontevedra
CENTRO VACACIONAL "A LANZADA"	Estrada de San Vicente do Mar	O Grove
IMPRESA PROVINCIAL	Paseo de Domingo Fontán, núm. 8	Pontevedra
FINCA SOUTOMAIOR	Terreos do castelo de Soutomaior	Soutomaior
FINCA AREEIRO	Subida á Robleda, Lourizán	Pontevedra
FINCA MOURISCADE	Vilanova. Lalín	Lalín
PARQUE CENTRAL DE MAQUINARIA	Paseo de Domingo Fontán, núm. 18	Pontevedra
PARQUE MÓBIL	Soto 2 do novo edificio do Museo Provincial	Pontevedra
PARQUE COMARCAL DE LALÍN	Polígono industrial de Botos	Lalín
PARQUE COMARCAL DE CODESEDA	Parque comarcal de Codeseda	A Estrada
PARQUE COMARCAL DE GONDOMAR	Estrada de Vincios	Gondomar
PARQUE COMARCAL DE PONTEAREAS	Polígono industrial da Freixa	Ponteareas
SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO	r/ Padre Amoedo	Pontevedra
SEDE DE VIGO	Rúa Oporto, núm. 3	Vigo



3. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Cada un dos integrantes da organización asumirá dunha forma efectiva funcións e responsabilidades en materia de prevención de riscos laborais de acordo con:

- A **Presidencia** asume a responsabilidade máxima.
- A **líña de mando** adquire a responsabilidade da súa posta en práctica e xestión no ámbito propio e específico das súas competencias.
- Os **traballadores**, ademais de incorporar as actividades de prevención e protección como parte integrante das súas tarefas, adquiren o dereito a ser consultados e a ter unha participación activa nela a través das figuras contempladas na lei (delegados de prevención).

As medidas executaranse pola liña que lles corresponde e a responsabilidade da seguridade integrarase en cada posto de traballo como unha función máis.

As obrigas que establece a lei para a empresa en canto ó deber de protección dos traballadores deléganse na persoa que desempeña o máximo cargo executivo, na actualidade corresponde a:

Rafael Louzán Abal, presidente da Deputación de Pontevedra


Quen asumirá a súa responsabilidade e disporá dos medios necesarios para executar o cumprimento das accións previstas neste plan.

4. PERÍODO DE APLICACIÓN

Por pretender establecer a política e os principios da acción preventiva e concretar os obxectivos preventivos a longo prazo, considérase un plan indefinido. Non obstante estará suxeito ás variacións e revisións que, por calquera circunstancia, se estimen necesarias.



5. ESTRUCTURA DO PLAN





6. ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN

A organización preventiva está dirixida a manter unha actitude proactiva e responsable cara á prevención dos riscos laborais a todos os niveis. Supón a participación do persoal nas tarefas preventivas como a adopción de medidas preventivas, a achega de ideas para mellorar a seguridade das instalacións, a promoción de comportamentos seguros, etc.

En función da actividade e das características da Deputación a modalidade pola que se optou para organizar os recursos para as actividades preventivas consiste nun *servizo de prevención propio*. Ademais poderanse concertar os servizos que se consideren necesarios con empresas externas.

6.1. SERVIZO DE PREVENCIÓN

O Servizo de Prevención Propio da Deputación constitúe unha unidade organizativa específica, situada no pazo provincial e integrada por:

- 1 xefe de Servizo de Prevención de Riscos Laborais, coas especialidades de Medicina do Traballo, Hixiene Industrial e Seguridade no Traballo (grupo A1)
- 3 técnicos medios, coas especialidades en Prevención de Riscos Laborais de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial e Ergonomía (grupo A2)
- 1 técnico auxiliar con coñecementos a nivel intermedio en prevención de riscos laborais (grupo C1)
- 1 administrativo con coñecementos, a nivel básico, en prevención de riscos laborais (grupo C1)
- 1 auxiliar administrativo con coñecementos, a nivel básico, en prevención de riscos laborais (grupo C2)

Os especialistas do Servizo de Prevención contarán con formación necesaria para desenvolver as actividades preventivas de nivel superior e ocuparanse de proporcionarlle á empresa o asesoramento e o apoio de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, modificado pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, e a 25/2009, de 22 de decembro.

6.2. COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

É o órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa sobre prevención de riscos xerais. Estará formado polos delegados de prevención, por unha parte, e polo empresario e/ou os seus representantes no mesmo número que os delegados de prevención, pola outra.

As súas competencias e facultades regúlanse no artigo 39 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, modificado pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, e no 25/2009, de 22 de decembro.



7. ORZAMENTO E RECURSOS

Para executar este plan disporase, en función da súa capacidade orzamentaria, dos recursos humanos e materiais que sexan precisos para iso, así como dos servizos de prevención alleos e/ou asesores especializados externos cos que se concerten as especialidades e as actividades preventivas que non asuman os propios medios da Deputación de Pontevedra.

Os recursos humanos destinados a xestionar a prevención son os descritos no punto 6 “Organización da prevención” deste documento.

Por outra parte, asignaranse os recursos preventivos necesarios e suficientes naquelas situacións desenvolvidas no artigo 32 bis da Lei 31/1995, de 8 de novembro, engadido pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, e no artigo 13 do R. d. 171/2004, de 30 de xaneiro.

8. AVALIACIÓN DE RISCOS

O proceso de avaliación de riscos desenvolverase de forma independente para cada centro de traballo. A súa realización deberá servir de base para planificar a actividade preventiva e estará integrado por tres tipos de actuacións diferentes:

- Avaliación de riscos en equipos e lugares de traballo
- Avaliación de riscos nos postos de traballo
- Avaliación específica de riscos

Avaliación de riscos en equipos e lugares de traballo

A avaliación de riscos en equipos e lugares de traballo ten como obxectivo identificar os perigos nas instalacións, equipos e lugares de traballo, xa sexa pola súa incorrecta utilización ou pola falta de revisións periódicas ou de mantemento. A finalidade é eliminar ou controlar os riscos e dispoñer, desta maneira, dunhas instalacións seguras e axustadas á lexislación vixente.

A avaliación constará das seguintes fases:

1. Recompilar a información sobre os procesos produtivos e as súas normas de procedemento.
2. Recibir os informes sobre histórico de accidentes, datos de siniestralidade, relación de substancias químicas utilizadas, etc., e identificar e denominar as distintas áreas e equipos de traballo.
3. Informar os representantes dos traballadores do inicio da avaliación.
4. Visitar as dependencias e postos de traballo e cubrir os cuestionarios coa participación activa dos propios traballadores.
5. Realizar as observacións oportunas para cada un dos riscos identificados. Estas observacións, xunto coas normas que regulan cada instalación e que se especifican no propio documento, constitúen a base para planificar a acción preventiva de acordo á normativa vixente.



Avaliación de riscos nos postos de traballo

A avaliación de riscos laborais ten como obxectivo determinar e valorar os posibles riscos de accidente e/ou enfermidade profesional existentes nos postos e orixinados polo desenvolvemento das tarefas encomendadas ós seus ocupantes.

A avaliación abarcará todos os postos de traballo, agrupando nun "posto de traballo" os traballadores que realicen as mesmas funcións e estean sometidos ós mesmos riscos.

O procedemento que se vai seguir na avaliación de riscos laborais, que será obxecto dun documento específico, está baseado nos criterios do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo. O dito procedemento consultarase cos representantes dos traballadores no Comité de Seguridade e Saúde.

En calquera caso o procedemento utilizado deberá valorar, en función de criterios obxectivos, a magnitude dos riscos que non poidan evitarse, proporcionando confianza sobre o resultado e permitindo tomar as decisións apropiadas sobre as medidas preventivas que se van adoptar. Para iso, ademais da recompilación previa de todas as informacións necesarias sobre postos, tarefas e demais datos relevantes, contará cunha fase de análise do risco (identificación dos perigos existentes en cada posto de traballo e a súa estimación) e outra da valoración.

Avaliacións específicas de riscos

Cando a avaliación dos riscos provocados por axentes químicos, físicos ou biolóxicos comporte a necesidade de realizar medicións para determinar o nivel de concentración ou intensidade do contaminante no ambiente de traballo, será necesario realizar unha avaliación específica de acordo co procedemento establecido para cada situación.

Tamén se realizarán avaliacións específicas cando se considere oportuno profundar na análise de determinados riscos, e cando así o estableza a normativa de aplicación.

Se é o caso de que non existe normativa referente ós criterios de avaliación e control dos riscos específicos, utilizaranse métodos recollidos en normas ou guías nacionais ou internacionais de recoñecido prestixio.

Para desenvolver estas avaliacións terase en conta a posibilidade de contratar cun servizo de prevención alleo.

Avaliacións periódicas

A realización de avaliacións periódicas co obxecto de detectar situacións potenciais de perigo e tomar as accións correctoras que procedan en cada caso revelouse como unha técnica preventiva de grande eficacia cando se realiza de forma sistemática. Nese sentido, as inspeccións formuladas deben orientarse cara ó coñecemento das deficiencias de equipos,



instalacións, lugares e postos de traballo, así como ó cumprimento dos procedementos de traballo e adopción de modos de comportamento seguros.

Sen prexuízo da periodicidade que se estableza, realizaranse avaliacións periódicas das instalacións e dos postos de traballo cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Cando se adquira algún equipo de traballo ou se leve a cabo algunha modificación nas instalacións.
- Cando existan cambios nas condicións de traballo pola implantación de medidas correctoras.
- Cando a través dos controis periódicos, incluídos os da saúde dos traballadores, se detectara que as actividades de prevención son insuficientes.
- Cando se produza un deterioro no tempo dos elementos do proceso produtivo.
- Os estudos de niveis sonoros realizaranse, como mínimo, segundo a periodicidade marcada polo R. d. 286/2006, de 10 de marzo.

O plan anual establecerá a efectiva implantación de inspeccións formuladas en todas as áreas, así como o mecanismo de control para informar da efectividade delas.

9. IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS

Segundo os resultados da avaliación de riscos nas instalacións determinaranse as medidas correctoras para adoptar. Para a súa aprobación e planificación temporal teranse en conta os requisitos e prazos legais que poidan existir, o número de traballadores afectados en cada caso e a efectividade e o custo das posibles medidas.

Para conseguir os obxectivos propostos as acción correctoras irán encamiñadas nestas liñas de acción:

- Acondicionamento de instalacións e lugares de traballo
- Acondicionamento dos equipos de traballo

Acondicionamento de instalación e lugares de traballo

Poranse en práctica todas as medidas correctoras necesarias para situar as instalacións e os lugares de traballo de cada centro como mínimo dentro das marxes de seguridade marcadas na normativa vixente e, sempre que sexa posible, superaranse estas marxes. Ademais das normas específicas que poidan existir para casos particulares, as instalacións e os lugares de traballo cumprirán os requisitos mínimos fixados no R. d. 1215/1997, de 18 de xullo, e no R. d. 486/1997, de 14 de abril, respectivamente.

Á hora de determinar as posibles solucións terase en conta a súa viabilidade económica, aínda que a este criterio anteporase sempre o criterio de protección da seguridade dos traballadores. En todo caso, cumpriranse sempre os seguintes principios básicos:

- Garantir unha estabilidade total nas estruturas construtivas.
- Adaptar os lugares de traballo ós seus ocupantes, garantindo que estes sexan



apropiados para as tarefas que se van realizar.

- Ter en conta a evolución da técnica no que respecta á utilización das instalacións cada vez máis seguras.
- Establecer e realizar un mantemento programado adecuado das instalacións máis perigosas (aparatos a presión, instalacións de gas e eléctrica, etc.) e rexistrar documentalmente as accións que se leven a cabo neste sentido.
- Realizar as revisións legais obrigatorias nos prazos e nas maneiras que procedan.

Acondicionamento dos equipos de traballo

Procederase a acondicionar os equipos de traballo da Deputación para que cumpran os requisitos de adaptación ás indicacións da normativa vixente. Ademais da outra normativa específica que sexa de aplicación para equipos concretos, as máquinas cumprirán os requisitos fixados no R. d. 1215/1997, de 18 de xullo, e no R. d. 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para comercializar e poñer en servizo das máquinas.

O principio básico que se ten que cumprir neste aspecto será o de *dotar os equipos de traballo das proteccións necesarias para combater o risco na súa orixe*, establecido no artigo 15 de la Lei de prevención de riscos laborais.

De igual maneira, establecerase o procedemento para que nos casos de adquisición de equipos novos estes cumpran todos os requisitos de seguridade e de información sobre os riscos que orxinan, de acordo co artigo 41 da Lei de prevención.

A planificación temporal das accións necesarias para adaptar os equipos de traballo establecerase en función dos prazos legais fixados na normativa aplicable.

10. NORMAS E PROCEDEMENTOS DE SEGURIDADE

A elaboración, difusión e implantación de normas e procedementos de traballo, entendendo por iso unha guía para orientar a conduta do persoal fronte á realización dunha actividade que supón un risco, é un mecanismo moi eficaz e, por iso motivo de atención prioritaria.

Establecerase un calendario para realizar e implantar diferentes normas e procedementos de seguridade nas tarefas nas que se observaran procedementos inadecuados de traballo que orixinen unha situación de risco para o persoal.

A valoración de cada un dos riscos avaliados determinará unhas prioridades á hora de corrixir as deficiencias que os motivan. Desta maneira, actuarase en primeiro lugar naquelas situacións de risco máis evidentes e perigosas, deixando para un prazo posterior outras situacións dun rango de perigosidade menor. Tamén se terán en conta os requisitos e/ou prazos legais, o número de traballadores afectados en cada caso e a efectividade e o custo das medidas adoptadas.

Unha vez establecidas estas normas informarase os traballadores afectados da súa existencia



e achegaráselles unha copia escrita delas que deberá permanecer nun lugar preto do posto de traballo. Realizarase unha formación específica das normas a todo o persoal de nova contratación e unha formación periódica ó resto do cadro de persoal.

Para controlar o seu cumprimento establecerase un mecanismo eficaz baseado en partes de anomalías e inspeccións periódicas.

11. MEDIDAS DE EMERXENCIA

Elaborarase un plan de emerxencia para os centros de traballo da Deputación e procederase a realizar a súa implantación. Isto quere dicir que os traballadores deberán estar informados e formados para saber cales son as accións que deberán acometer se se presenta calquera situación de emerxencia.

No mesmo plan estableceranse os mecanismos para as súas revisións periódicas, de forma que as modificacións ou actualizacións que sexan necesarias por cambios nas instalacións ou circunstancias de traballo se contemplen rapidamente.

Nos programas anuais de actividades preventivas determinaranse os prazos da efectiva implantación do plan de emerxencia, incluíndo a adquisición dos medios que sexan necesarios, a formación do persoal, a exposición de carteis informativos, a distribución de documentación xeral e específica ó persoal e a realización de prácticas e simulacros que se contemplen.

12. VIXILANCIA DA SAÚDE DOS TRABALLADORES

A vixilancia da saúde, dentro do ámbito da medicina do traballo, ten como obxectivos principais: a detección precoz de alteracións da saúde provocadas pola exposición a riscos laborais e a identificación de individuos con maior susceptibilidade de padecer as ditas alteracións da saúde en función das condicións de traballo. Mediante a recollida sistemática e a avaliación dos datos da saúde do traballador poderanse detectar os cambios fisiopatolóxicos precoces, atribuíbles á exposición laboral, e desta forma mellorar os resultados en canto á evolución e prognóstico destes procesos. Para conseguir estes obxectivos esta disciplina deberá integrarse nos programas de control e redución de riscos e mellora de condicións de traballo que se poidan establecer dentro da Deputación.

Por iso esta institución deberá en calquera caso garantirles ós traballadores unha adecuada vixilancia da saúde concertando cun servizo de prevención alleo as actividades que se expoñen a continuación, dentro do marco normativo establecido pola Lei 31/1995 (art. 22) e polo R. d. 39/1997 (art. 37).

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

- 1. Establecemento dos grupos de risco** da Deputación sobre os que se actuará. Recollida de datos, coñecemento da situación actual na empresa e análise destes para establecer os grupos.
- 2. Tipos de recoñecementos médicos** que se realizarán en razón da súa



cualificación:

- Recoñecemento médico de inicio tras a incorporación ó posto
- Recoñecemento médico tras unha ausencia prolongada
- Recoñecemento médico dos traballadores sensibles
- Recoñecemento médico tras a modificación de tarefas
- Recoñecementos médicos periódicos anuais

2.1 Asignación de protocolos de vixilancia sanitaria específica por riscos laborais ós grupos de risco establecidos. Estes protocolos médicos son:

- perfil de manipuladores de alimentos p03
- perfil con pantalla de visualización p04
- perfil con riscos de ruído p05
- perfil de manipulación de cargas p06
- perfil de traballadores en alturas p07
- perfil de traballadores con chumbo p08
- perfil de traballadores con praguicidas p10
- perfil de traballadores con cloruro de vinilo p11
- perfil de traballadores con amianto p12
- protocolo de avaliación da saúde das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente
- protocolo de avaliación médica para menores e traballadores especialmente sensibles a determinados riscos
- outros son deseñados á demanda da avaliación de riscos co obxectivo de:
 - detectar precozmente os efectos dos riscos
 - detectar as doses de exposición
 - identificar os individuos con maior susceptibilidade

3. Historia clínico laboral

Contidos expresados no artigo 37.3.c. do R. d. 39/1997 relacionados coa biografía laboral e médica de cada traballador. Esta historia clínico-laboral inclúese en todos os protocolos médicos efectuados. A información contida nela, así como o resto de información médica que se obteña das distintas actuacións en vixilancia da saúde, están suxeitas a protocolos de confidencialidade e seguridade de datos. Garántese en todos os casos o consentimento informado do traballador ante as exploracións, probas e determinacións ás que se vai someter e a confidencialidade dos datos médicos persoais obtidos.

4. Recursos humanos e materiais

O médico do traballo e o ATS responsables realizarán os recoñecementos nos centros cos que se concerte ou en unidades básicas de saúde (UBS) adecuadamente acreditadas e, cando as necesidades xeográficas ou de organización o requiran, faranse cunha unidade móbil.

5. Estudos epidemiolóxicos

- **Análise das enfermidades** que se produzan entre os traballadores para poder identificar calquera relación entre a causa da enfermidade e os riscos para a saúde que poidan presentarse nos lugares de traballo.
- **Análise dos resultados da vixilancia da saúde:**
 - Análise da morbilidade en relación cos datos dispoñibles da incapacidade



laboral transitoria.

- Análise dos resultados da vixilancia médica. Co obxectivo de:
 - Valorar o estado de saúde da colectividade
 - Achegar datos para a avaliación inicial
 - Avaliar a eficacia das medidas de prevención primaria
 - Intervir en plans de educación sanitaria
 - Achegar datos ó coñecemento técnico

6. Colaboración co sistema nacional de saúde no diagnóstico, tratamento e rehabilitación de enfermidades relacionadas co traballo, nas campañas sanitarias e epidemiolóxicas organizadas polas administracións públicas competentes en materia sanitaria.

7. Información sanitaria

O servizo de prevención concertado colaborará coas autoridades sanitarias para prover o Sistema de Información Sanitaria en Saúde Laboral.

8. Outras funcións sanitarias

Asesoría en materia de Medicina do Traballo.

9. Memoria das actividades realizadas

13. UTILIZACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN

Deberán utilizarse equipos de protección individual cando non se poida eliminar ou limitar suficientemente o risco por medios técnicos de protección colectiva ou por métodos ou procedementos de organización do traballo, tal e como marca o artigo 17 da Lei de prevención de riscos laborais.

Os equipos de protección individual que se lles subministren ós traballadores deberán ser obxecto de análise minucioso para que non constitúan un risco adicional e sexan o máis confortable posible. Así mesmo, é necesario que leven o marcado CE de conformidade cos requisitos mínimos de seguridade e sanidade fixados polas normativas (R. d. 1407/1992, modificado polo R. d. 159/1995, de 3 de febreiro).

Os E. P. I. necesarios identificaranse a partir das avaliacións de riscos que se realicen. Cada posto de traballo terá determinado o tipo de equipo de protección individual que será obrigatorio ou recomendable utilizar segundo a tarefa que se estea realizando e o risco que se queira limitar, cumprindo así as indicacións do R. d. 773/1997, de 30 de maio.

Coa entrega do E. P. I. informarase os traballadores da utilización e dos riscos que protexe, das características e do seu mantemento.

14. COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES NOS CENTROS DE TRABALLO

A Lei de prevención de riscos laborais establece, no seu artigo 24, modificado pola Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, e no 28, as pautas que vai seguir a Deputación como titular do centro de traballo con respecto ás empresas ou profesionais que desenvolvan algunha actividade nalgún dos seus



centros.

Baseándose nisto, a Deputación comprométese a:

- Velar pola saúde e seguridade do persoal alleo ó centro
- Informar sobre os riscos xerais do centro de traballo, sobre os perigos dos equipos, produtos, materias primas e útiles que se lles proporcionen para a realización dos seus traballos e sobre as medidas de prevención e protección que deberán adoptar
- Informar das medidas de emerxencia que se van aplicar no caso de necesidade
- Vixilar o cumprimento da normativa de prevención e das normas de seguridade internas que existan

Á vez, os contratistas, subcontratistas e traballadores autónomos deberán:

- Asegurar o cumprimento das normas xerais e específicas de prevención
- Utilizar equipos de traballo en bo estado e idóneos para as tarefas que se van realizar, así como os E. P. I. que se lles indique; someter estes equipos ás revisións que se estimen oportunas
- Garantir que os seus traballadores dispoñan da aptitude e formación adecuada para desempeñar as tarefas que se lles encomenden e, en calquera caso, da mínima esixible segundo a lei
- Cooperar co persoal da Deputación nas tarefas preventivas e, en particular, se hai emerxencia
- Comunicarlle á Deputación todos os accidentes e incidentes que se produzan entre os seus traballadores e investigar os que se estime convenientes

15. FORMACIÓN E INFORMACIÓN

A formación en prevención é básica na actuación sobre o "factor humano", a falta dela aparece como causa de moitos accidentes de traballo.

O coñecemento profundo dos sistemas de traballo, dos materiais e técnicas que se van empregar, das función e tarefas que se van desenvolver e dos riscos que todo isto supón, é fundamental para que se poidan evitar. Lógrase mediante a formación de todo o persoal implicado, ó facer que a conduta profesional sexa a mellor posible.

Por iso, a Deputación entende a formación, información e participación permanente como unha das inversións máis rendibles para o seu futuro desenvolvemento, estando ademais obrigada pola lexislación vixente a instruír adecuadamente a todo o persoal sobre os riscos que poidan xerarse no traballo e sobre a forma e método de prevención deles.

O Programa Anual de Actividades incluirá as accións formativas e informativas en prevención de riscos laborais que se estimen convenientes en base ós seguintes criterios:

- Comezar polos niveis máis elevados da institución e continuar a través dos distintos niveis xerárquicos ata chegar a todos e cada un dos traballadores.
- A formación que se imparta centrarase nas funcións desempeñadas nos postos de traballo, tendo en conta o nivel que estes postos ocupan dentro da Deputación e os riscos a que



están expostos (segundo os resultados da avaliación inicial) ou sobre os que exerce tarefas de supervisión. Se fose necesario, esta formación repetirase periodicamente e sempre que se produzan cambios significativos nos postos de traballo.

- É importante non illar a formación en prevención do resto da aprendizaxe, en coordinación con Recursos Humanos. Polo tanto, en todos os programas de formación realizados na Deputación sobre distintas prácticas operativas, tecnolóxicas, de proceso, etc. incluíranse unha parte formativa en materia de seguridade e saúde laboral.
- As persoas de nova incorporación á Deputación recibirán unha formación específica inicial en materia de prevención de riscos laborais.
- A formación en primeiros auxilios incluírase na programación anual.
- Promoción da saúde co desenvolvemento de campañas de educación sanitaria (promoción de exercicio físico, escolas de costas, etc.) encamiñadas a controlar as patoloxías detectadas nas avaliacións médicas efectuadas e, en xeral, mellorar os hábitos, por exemplo, dietéticos, de ocio, sociais, etc.

Levarase a cabo un rexistro das actividades formativas efectuadas por cada traballador de maneira que cada ano se planifiquen as características concretas da formación que se vai impartir ó longo do exercicio, tales coma lugar, horario, forma de impartición e profesorado.

16. ACCIDENTALIDADE

Co fin de controlar a siniestralidade a Deputación rexistrará todos os accidentes de traballo e enfermidades profesionais que se produzan, causaran ou non a baixa laboral.

O Servizo de Prevención realizará unha investigación de todos os accidentes, co obxectivo de identificar as súas posibles causas para evitar a súa repetición ou a doutros sucesos similares.

Co fin de estudar a evolución da siniestralidade realizarase, con carácter anual, un estudo estatístico da accidentalidade, no que se presentarán os índices máis empregados, e que se lle entregará ó Comité de Seguridade e Saúde.

17. PROGRAMA DE ACCIÓNS E SEGUIMIENTO DO PLAN

As actividades preventivas concretas que sexan necesarias para aplicar este plan especifícanse nun documento complementario a este, denominado *Programa Anual de Actividades Preventivas*, no que se desenvolve para cada un dos obxectivos preventivos fixados o programa de accións concretas que se ten previsto executar, co seu correspondente calendario.

Anualmente realizarase unha memoria das actividades preventivas realizadas.



18. DOCUMENTACIÓN

A Deputación terá a disposición da Autoridade Laboral, coa actuación necesaria, a seguinte documentación:

- Plan de prevención de riscos laborais
- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo
- Planificación da actividade preventiva
- Prácticas dos controis do estado de saúde dos traballadores
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día, así como a investigación efectuada para determinar as súas causas